



Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de
fin de grao

A relación Escola-Comunidade no I.E.S Antonio Fraguas: ¿ámbito da Educación Social?

Estudo de Caso

Autora: Laura Morales Rodríguez

Titora: M^a Esther Martínez Piñeiro

Grao en Educación Social

Curso 2013-2014

Setembro 2014

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Educación Social

A relación Escola-Comunidade no I.E.S Antonio Fraguas:
¿ámbito da Educación Social? Estudio de Caso

La relación Escuela-Comunidad en el I.E.S Antonio Fraguas:
¿ámbito de la Educación Social? Estudio de Caso

School – Community relationship at Antonio Fraguas High School:
¿Social Education field? Case study

AUTORIZACIÓN DO TITOR/A PARA A DEFENSA DO TFG

DATOS DA TITULACIÓN	
TITULACIÓN	GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL
CURSO ACADÉMICO	2013-14
CONVOCATORIA	SETEMBRO

DATOS DO/A ALUMNO/A	
APELIDOS E NOME	MORALES RODRIGUEZ, LAURA
DNI	44637386 K

TITULO DO TFG	
A relación Escola-Comunidade no I.E.S Antonio Fraguas: ¿ámbito da Educación Social? Estudo de Caso	

DATOS DO/A TITOR/A	
APELIDOS E NOME	MARTINEZ PIÑEIRO, Mª ESTHER
DEPARTAMENTO	MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN E DIAGNÓSTICO EN EDUCACIÓN

como titor/a do TFG que figura máis arriba, declara que o traballo reúne os requisitos académicos suficientes e autoriza a súa defensa pública ante o tribunal correspondente na convocatoria de referencia, de acordo coa normativa de TFG e TFM aprobada polo Consello de Goberno do 2 de maio de 2013 e o Regulamento de TFG da Facultade de Ciencias da Educación aprobado polo Consello de Goberno de 21 de maio de 2014.

Santiago de Compostela a 28 de agosto de 2014

Esther Martínez Piñeiro

(sinatura do titor/a)

A autora deste traballo quere agradecer a elaboración do mesmo a todas as persoas que colaboraron para que puidera saír adiante.

As compañeiras que construíron o longo desta etapa novas pontes cara a solidariedade, a amizade e o compañeirismo; o profesorado que contribuíu á formación necesaria coma profesionais, pero sobre todo coma persoas críticas e conscientes nun mundo dinámico e en continuas transformación; e á familia que – constantemente- apoiou cada decisión tomada.

Agradecementos en especial a M^a Dolores Sanz Lobo –orientadora do I.E.S Antonio Fraguas- por abrir as súas portas e encher de ilusión e profesionalidade cada unha das accións levadas a cabo. E por último, á profesora M^a Esther Martínez Piñeiro por orientar este traballo e guiar o estudo con paciencia e meticulosidade.

A todas elas, grazas.

“La utopía está en el horizonte. Me acerco dos pasos, ella se aleja dos pasos. Camino diez pasos y el horizonte se desplaza diez pasos más allá. Por mucho que camine, nunca la alcanzaré. Entonces, ¿para qué sirve la utopía? Para eso: sirve para caminar.”

Eduardo Galeano

ÍNDICE

Resumo

Introdución.....	1
1. Contextualizando a experiencia obxecto de estudo: o caso do I.E.S. Antonio Fraguas e o barrio de As Fontiñas	2
2. Obxectivos da investigación	3
3. Asentando as bases da investigación: A Educación Social como axente de acción-intervención na Escola e a Comunidade.	3
3.1. Da escola como axente de socialización e os seus novos desafíos	3
3.2. Da comunidade como espazo para o desenvolvemento integral das persoas e a sociedade	5
3.3. Sinerxias de acción-intervención: Educación Social, escola e comunidade	6
4. Metodoloxía do estudo	11
4.1. Técnicas de recollida de datos	12
4.2. Técnicas de análise de datos	16
5. Resultados do estudo: O barrio de Fontiñas e o IES Antonio Fraguas. Un exemplo de boas prácticas en canto ás relacións escola-comunidade.....	16
5.1. Un espazo, unha comunidade.....	17
5.2. Fontiñas e o I.E.S. Antonio Fraguas en acción: as súas principais experiencias.....	22
5.3. Educación Social: unha profesión mediadora e dinamizadora	28
6. Conclusións e propostas de mellora.....	29
Referencias documentais	31
Anexos	

RESUMO

As continuas transformacións da sociedade están condicionando os procesos socioeducativos que se desenvolven nas escolas e na comunidade. É preciso polo tanto, estudar as relacións que se crean entre estes dous espazos de socialización para concretar tamén se é necesario e pertinente a profesión da Educación Social nestes ámbitos. Exponse así neste traballo, unha investigación socioeducativa, un estudo de caso, concretado nas sinerxias establecidas entre o I.E.S Antonio Fraguas (en Santiago de Compostela) e o seu contexto (o barrio de As Fontiñas).

Palabras chave: escola, comunidade, educación social, traballo en rede.

RESUMEN

Las continuas transformaciones de la sociedad están condicionando los procesos socioeducativos que se desarrollan en las escuelas y en la comunidad. Es preciso por lo tanto, estudiar las relaciones que se crean entre estos dos espacios de socialización para concretar también si es necesario y pertinente la profesión de la Educación Social en estos ámbitos. Se expone así en este trabajo, una investigación socioeducativa, un estudio de caso, concretado en las sinergias establecidas entre el I.E.S Antonio Fraguas (en Santiago de Compostela) y su contexto (el barrio de As Fontiñas).

Palabras clave: escuela, comunidad, educación social, trabajo en red.

ABSTRACT:

The ongoing changes in today's society are determined by the socioeducative processes that are being developed by schools and communities. The analysis of the existing relationships between these two areas is crucial to determine whether the social educator figure should be present in these fields. Through a socioeducative research and a case study, this paper aims to establish the synergies among Anton Fraguas High School (in Santiago de Compostela) and its context (Fontiñas neighborhood).

Keywords: school, community, social education, networking.

INTRODUCCIÓN

O presente documento é un traballo de investigación enmarcado na materia Traballo de Fin de Grao (TFG) da titulación de Educación Social da Universidade de Santiago de Compostela que versa sobre as relacións que son susceptibles de acontecer entre escenarios coma os centros escolares e as comunidades nas cales se desenvolven. Un estudo de caso que centra o obxecto de estudo no Instituto de Educación Secundaria Antonio Fraguas e o barrio de Fontiñas de Santiago de Compostela.

A autora deste traballo, tivo a oportunidade de desenvolver o seu período de prácticas coma educadora social dentro do departamento de Orientación do citado instituto cunha estreita comunicación coa rede de barrio (formada por representantes das organizacións, asociacións, colectivos,... que conforman este contexto). Esta situación dada e as accións que se estaban a desenvolver, despertaron o interese para escoller este contexto como obxectivo diana da investigación.

Tras determinar o obxecto de estudo, neste documento poden atoparse os obxectivos xerais e específicos que guían todo o proceso investigador así como unhas aproximacións teóricas de referencia que o sustentan. Analízase o papel da escola e a comunidade na socialización das persoas, as posibles funcións da educación social neste eido da profesión, ou mesmo as relacións que se crean a través do traballo en rede.

Óptase por levar a cabo este estudo dende unha metodoloxía mixta na que se recolle información cuantitativa e cualitativa coa axuda de diferentes técnicas (diarios de campo, entrevistas, documentación relevante,...) e así obter información a través de diferentes fontes.

Deste xeito, este documento remata coa concreción dos resultados facendo fincapé nas principais experiencias que se están a desenvolver a nivel comunitario. Entre elas, destácase o Mercadiño Solidario Trócame Roque, a equipa de mediación escolar, o II encontro intercentros de mediación escolar, etc. Establécense por último as conclusións máis salientables que resultan do estudo e posibles liñas de mellora.

Este traballo, facilitou adquirir diferentes competencias relativas a análise de documentos, sistematización de información, deseño de instrumentos de recollida de datos -como entrevistas-, capacidade de comunicación coas persoas implicadas, redacción de informes de investigación, etc. En definitiva, un proceso no que se interiorizaron competencias transversais, xerais e específicas que coma futura educadora social deben ser adquiridas e postas en práctica.

1. CONTEXTUALIZANDO A EXPERIENCIA OBXECTO DE ESTUDO: O caso do I.E.S. Antonio Fraguas e o barrio de As Fontiñas

O caso que nos ocupa neste estudo, non é outro que as relacións que se establecen ou son susceptibles de establecerse, entre a escola e a comunidade. Concretando aínda máis, ten o seu obxectivo diana no barrio de As Fontiñas de Santiago de Compostela e o seu Instituto de Educación Secundaria (I.E.S) o Antonio Fraguas. Asemade, esta investigación quere tamén profundizar sobre a pertinencia da Educación Social como profesión que participa activamente nestas sinerxias que se establecen entre a escola e a comunidade. Para elo, teranse en especial consideración as experiencias máis salientables desenvoltas nos últimos anos neste contexto.

¿Por qué é relevante esta investigación? Tendo en conta os cambios acelerados e as veces desequilibrados da sociedade, a escola estase a ver con grandes dificultades para evolucionar ó mesmo ritmo e adaptarse aos novos contextos e necesidades –xa non só do alumnado- senón da poboación en xeral. A escola, tal e como se coñece, está a quedar desfasada e precisa dun cambio funcional e estrutural no que abra as súas portas á comunidade, flexibilice as súas accións e comece a traballar man a man con diferentes profesionais (entre os cales están os educadores e educadoras sociais).

Esta investigación non pretende amosar que sen a Educación Social unha comunidade non pode desenvolver iniciativas cidadás potentes e non pode establecer relacións estables coas institucións educativas como poden ser os centros escolares de primaria e secundaria, non pretende tampouco amosar que estes profesionais son indispensables. O que pretende, é concretar a pertinencia deles nestes contextos e ante estas iniciativas, non como o único profesional activo e o fronte delas, senón -e a poder ser- dentro dunha equipa de traballo composta por profesionais de diferentes ámbitos que traballan en rede cara obxectivos comúns.

A escola, institución pechada e restrinxida para profesorado e orientadores/as até o de agora, poida que deba –e así será sustentado teoricamente nos apartados posteriores a través de argumentacións de diferentes autores- abrir as súas portas a un cambio no que construír pontes entre educadores/as, pedagogos/as, orientadores/as, profesorado, traballadores/as sociais,...; e como non, alumnado, familias, e cidadanía en xeral. Esta investigación, pretende dar a coñecer unha experiencia na que este traballo en rede posibilita o desenvolvemento de iniciativas na que todos os axentes dunha comunidade traballan cóbado con cóbado para sacalas adiante, que se basean nas necesidades e intereses das persoas, e están contextualizadas na realidade deste instituto e este barrio.

2. OBXECTIVOS DA INVESTIGACIÓN

Preséntase a continuación a concreción dos obxectivos xerais e específicos que serven de guía para afianzar o camiño que a investigación pretende seguir. Serán o eixo deste estudo, procurando acadalos a través dun traballo rigoroso que de resposta as cuestións propostas.

Xerais:

- Indagar nas relacións existentes entre a Escola e a Comunidade e na participación dos axentes e colectividades do barrio de As Fontiñas en clave de Desenvolvemento Comunitario.
- Explorar a pertinencia e a necesidade de incorporar a figura profesional do/a Educador/a Social en experiencias coma a investigada.

Específicos:

- Coñecer as principais características sociodemográficas do barrio de Fontiñas
- Estudar as experiencias máis salientables do barrio de As Fontiñas e o I.E.S Antonio Fraguas nas que se poña en valor as relacións entre a escola e a comunidade.
- Analizar á percepción que da figura profesional da Educación Social tense no barrio polos diferentes profesionais, axentes e colectividades.

3. ASENTANDO AS BASES DA INVESTIGACIÓN: A Educación Social como axente de acción-intervención na Escola e a Comunidade.

Nesta sociedade da Comunicación que supera xa á sociedade da Información, acontecen -cun ritmo frenético- novas necesidades ás que a Educación Social pode chegar a dar resposta. Pero, antes de centrarnos nestas cabe facer unha reflexión teórica sobre o que supón esta profesión no ámbito que nos concirne: os centros educativos e a comunidade.

3.1. Da escola como axente de socialización e os seus novos desafíos

Historicamente a escola ven sendo, xunto a familia, un dos axentes de socialización fundamental dos nenos, nenas e adolescentes. Estudadas están as múltiples funcións que esta ten respecto á infancia e as competencias dos e das profesionais que neste eido traballan para acadar os obxectivos principais que teñen, pretendendo desempeñar unha función claramente educativa e transmisora de coñecementos.

Sen embargo, a sociedade está a cambiar e os centros educativos –aínda que lentamente o intentan- non o fan o ritmo preciso. Isto provoca unha crise da escola como institución e a aparición de novas necesidades que deben ser cubertas. Asemade, debe atenderse a unha nova realidade e é a obrigatoriedade de escolarización de todas as persoas ata a Educación Secundaria Obrigatoria (Parcerisa, 2008). Isto implica, que a escola debe acoller a un gran número de nenos/as e adolescentes tendo en conta as súas realidades persoais, familiares e contextuais que se ven marcadas por unha gran diversidade e condicionan o seu desenvolvemento.

Tórnase necesario, e tal e como afirma Caride (2006: 27) procurar unha educación permanente e o longo de toda a vida, si, pero que esta estea caracterizada pola súa calidade incluíndo todas as oportunidades socioeducativas existentes “dentro e fóra dos espazos e dos tempos curriculares”.

¿Qué supón isto? A necesidade de provocar un salto cualitativo en canto ás esixencias e funcións que até o de agora tiña a escola. “A educación escolar necesita cambios profundos, como profundo foi o cambio da sociedade” (Parcerisa, 2008:10) para así dar resposta aos novos retos e desafíos que acontecen a esta nova era construída por cambiantes e complexos cambios.

Novos retos, que veñen marcados polas dificultades que se presentan e as oportunidades para retransformarse cara unha nova sociedade.

Para enfrontalos, a escola debe “converterse nun elemento vertebrador en torno o cal articúlense e exteriorízanse diferentes problemáticas e expectativas sociais, culturais e educativas, que amplían o seu rol institucional e as súas potencialidades máis alá dos espazos e tempos lectivos” (Caballo e Gradaílle, 2008).

Así a escola tería -e ten- a posibilidade de tecer pontes entre os diferentes axentes directa ou indirectamente implicados, cunha concepción da realidade e dos procesos educativos máis integrais, plurais e complexos.

Como ben apunta Vera (2007:14) “a escola é en si mesma unha comunidade condicionada e influída pola comunidade máis ampla da que forma parte. Non son dúas realidades distintas e incomunicadas, senón interdependentes e penetradas unha na outra”.

A escola, como espazo e institución de nome propio e identidade persoal, debe atender ás realidades socioeducativas existentes a través dunha mirada diferente. Unha evolución necesaria, para dar respostas consensuadas e colectivas dunha escola que

leve por adxectivos dinámica, transformadora, crítica,... pero sobre todo, comprometida co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas, dende una acción integral e integradora.

3.2. Da comunidade como espazo para o desenvolvemento integral das persoas e a sociedade

¿Pode a escola –como institución historicamente entendida- e os profesionais que nela traballan –profesorado, orientadores,...- afrontar en soidade estes novos retos e desafíos? ¿Deben abrirse e flexibilizar a súa dinámica permitindo outro tipo de relacións coa comunidade e a sociedade? ¿Qué significa en realidade o termo “comunidade”?

Interrogantes comprensibles nestes tempos cara os cales pode afirmarse que “para organizar este proceso hai que deixar de considerar que as diversas formas de ensinanza e aprendizaxe son independentes e, (...) en cambio, tratar de realzar o carácter complementario dos ámbitos e períodos da educación moderna” (Delors, 1996: 125).

Precísase da comunidade para unha socialización completa e integral das persoas. Un traballo coordinado e cooperativo no que escola e comunidade camiñan xuntas cara obxectivos comúns.

Así, aínda que é ambicioso concretar en palabras todo o que é e pode ser a comunidade, si pódese achegarse a puntualizacións clave a través da mirada que Ander-Egg (2003: 34) ten acerca desta. Pode entenderse que é unha:

“Agrupación ou conxunto de persoas que habitan nun espazo xeográfico delimitado e delimitable, cuxos membros teñen conciencia de pertenza ou de identificación con algún símbolo local e que interaccionan entre si máis intensamente que noutro contexto, operando en redes de comunicación, intereses e apoio mutuo, co propósito de acadar determinados obxectivos, satisfacer necesidades, resolver problemas ou desenvolver funcións sociais relevantes a nivel local”.


Sen dúbida a comunidade é polo tanto un factor fundamental a ter en conta nos procesos educativos, comprendendo que esta actúa como un elemento de cohesión social que favorece procesos de socialización, de transmisión e mantemento de normas, aprendizaxes e tradicións culturais.

Constitúese un contexto caracterizado polo seu extraordinario potencial para a promoción da participación activa ó ser o escenario cotiá de maior proximidade á cidadanía, promovendo a inclusión e a cohesión grupal.

É preciso a construción de comunidades educadoras, barrios educadores e incluso cidades educadoras. Pretendendo que todo contexto teña, canto menos, as ferramentas adecuadas para desenvolver procesos educativos de calidade. Tomando de referencia a Delors (1993) é preciso establecer en que medida existe esta corresponsabilidade educativa de aprendizaxes o longo de toda a vida.

Por unha banda, impulsar o acceso á educación (e a constancia tamén neste proceso educativo, non so acceder a el) por parte de todas as persoas nun proceso de estruturación constante, flexibilidade e dinamismo, ademais de concretado na realidade específica de cada comunidade.

Por outra banda, acompañar unha andaina na que son as propias persoas as que constrúen os pilares para o seu crecemento persoal e social. Sendo baseados estes pilares nas aprendizaxes que Delors establecera e que se presentan na seguinte táboa de elaboración propia:



3.3. Sinerxias de acción-intervención: Educación Social, escola e comunidade

Dende os inicios da concreción da Educación Social como profesión, esta foi evolucionando e adquirindo novos escenarios de acción-intervención nos que procurar a consecución dos seus obxectivos e metas, para por enriba de todo, mellorar a calidade de vida das persoas e facilitar espazos de comunicación, inclusión e socialización entre as persoas e as comunidades atendendo o seu desenvolvemento integral.

Nembargantes, é fundamental recordar que esta lle debe, e moito, á Pedagogía e aínda máis, á Pedagogía Social. A cal é entendida segundo Gómez (2000: 409) como a “ciencia da educación que ten por obxecto de estudo unha dimensión específica do universo educativo: a educación social”.

Complementábase esta definición por autores como Caballo, M.B.; Candia, F.X.; Caride, J.A e Meira, P.A. (1997: 30) en “131 conceptos clave en Educación Social” que sinalan a importancia de entender a Pedagogía Social como ciencia que –entre outras moitas funcións- debe orientar e incentivar o papel educativo da sociedade configurándose como


teoría da acción educadora da Educación Social. Asemade, debendo desenvolver o potencial socializador da educación.

En definitiva, a Pedagogía Social, caracterízase en tanto que Ciencia Social e Humana é, “atribuíndolle a responsabilidade de fundamentar teórica e practicamente os procesos educativos que se promoven no marco da acción e intervención social”.

Deste xeito, pode establecerse a Educación Social como o conxunto de iniciativas, experiencias e prácticas educativas que se contextualizan en diferentes realidades sociais e promoven accións socioeducativas pretendendo contribuír o “desenvolvemento integral das persoas e da convivencia social” tal e como defenden os autores acabados de citar.

A Educación Social debe afrontar necesidades e problemáticas que xorden da vida cotiá transformando así as circunstancias que limitan os dereitos da cidadanía e procurando melloras e cambios nas persoas e na sociedade.

Como práctica educativa multidimensional, esta articulase en diferentes ámbitos e áreas de actuación tal e como pode observarse na seguinte táboa de elaboración propia fundamentada na clasificación de Gómez (2000) e adaptada por Caride (2003):



Como pode observarse, é unha clasificación na que –dun xeito ou outro- atende a realidades da vida cotiá (familias, comunidades, grupos de iguais, etc.) tendo sempre presente unha educación permanente e o longo de toda a vida; facilitando procesos de socialización, inclusión, inserción e participación,...; para dar resposta a diferentes problemáticas (dificultades sociais, exclusión, persoas ou colectividade en risco social, etc.).

No caso que nos ocupa, e recuperando parte do título deste estudo: *A relación Escola-Comunidade no I.E.S Antonio Fraguas ¿Ámbito da Educación Social?*, atópanse xa indicios que afirman a posibilidade e necesidade desta profesión en contextos educativos como a escola e a súa comunidade.

Aínda que é complicado e innecesario enmarcar rixidamente onde tería máis cabida en relación aos ámbitos desta profesión para coa escola e a comunidade, si pode establecerse que a acción nestes contextos, está intimamente relacionada coa *Animación Sociocultural e o Desenvolvemento Comunitario*.

Promóvese a iniciativa, autoorganización, reflexión crítica, participación e acción dos individuos, grupos e comunidades a través de procesos endóxenos cos que se poñen en valor as potencialidades dos recursos locais e facendo ás persoas e colectividade axentes activos como suxeitos de acción, sendo así protagonistas dos procesos de cambio social.

Tamén tómase parte en relación a *Educación en e para o tempo libre (do Ocio)* aproveitando, dinamizando e reestruturando os tempos de ocio, para que estes adquiren un verdadeiro sentido educativo e constrúan así novas aprendizaxes, garantíndoos como dereito humano básico xa recoñecido.

Xa por último, e aínda que de xeito máis ou menos directo está tamén relacionada co resto de ámbitos segundo esta clasificación, é preciso mencionar a *Educación cívico-social* pola súa relación na interiorización de certos valores e actitudes. Accións, que levan a entender a educación como vertebración ética, moral e política que posibilita unha cidadanía sen fronteiras; e que é activa e desenvolve actitudes e comportamentos democráticos a través do diálogo, a liberdade de expresión, a tolerancia e o respecto (Caride, 2009).

Vese así xustificada teoricamente a pertinencia dos educadores e educadoras sociais na construción de sinerxias entre a escola e a comunidade. Pero a que deben facer fronte dende esta profesións? Cáles son as súas funcións?

Dar resposta a estas cuestións, non é tarefa doada debido á gran polivalencia da Educación Social e atendendo a diversidade existente entre cada contexto, sen embargo comezan a darse experiencias nas que -aínda que cun proceso lento- as escolas abren as súas portas a outros profesionais como educadores e educadoras sociais. Este feito, é unha mostra de dinamismo e proba o auxe no proceso de expansión dos ámbitos de acción-intervención da Educación Social (Parcerisa, 2008).

Con este traballo conxunto entre os axentes da comunidade, as escolas, as familias,... todas as persoas do contexto en xeral, aparecen máis e mellores oportunidades de cambio para dar resposta as vellas e novas necesidades sociais. Novos espazos, onde a Educación Social ten moito que pensar, reflexionar, actuar, avaliar, etc. Esta complexidade de espazos encontrados, de ruptura de estruturas fixas e pechadas, das novas demandas e desafíos que afrontar,... fan necesario ver á Educación Social e as súas posibilidades dende unha óptica diferente.

A complexidade escola-comunidade, concrétese en realidades tan diversas como a conciliación dos tempos escolares, persoais e familiares, as problemáticas de convivencia, a atención á diversidade, a necesaria implicación das familias nos procesos socioeducativos, o papel das administración locais... para o logro de oportunidades socioeducativas de calidade (Caballo e Gradaille, 2008).


Xa era exposto por Riera no 1998 a importancia de entender que a vinculación da educación social con espazos considerados ate o momento “extraescolares” ou de soporte non escolares non é correcta, ou canto menos é incompleta. Non é posible relacionar a Educación Social só con aquel ámbito educativo que se desmarca do sistema “regrado”.

Observados estes cambios e a progresiva introdución de educadores e educadoras sociais nos centros escolares (escolas e institutos), os colexios profesionais de educación social fan público o documento: “O educador e a educadora social no Estado español: unha concreción do seu traballo nos centros escolares” (2004). Expoñendo así unha realidade crecente que estase a expandir e na que son “pioneiras comunidades coma Cataluña, Extremadura, Castilla-La Mancha ou Andalucía” (López, 2013: 2).

Os centros, non deixan de ser o reflexo da sociedade a pequena escala. Isto, fai que presenten unha realidade cada vez máis complexa na que as situacións problemáticas que poden acontecer, precisan de persoal profesional que as coñeza en profundidade a nivel teórico e práctico, e que pola súa formación específica poida acompañar os

procesos de acción-intervención, pero sobre todo, de prevención, en colaboración cos restantes membros e colectividade da comunidade.

Visto isto, e tomando como referencia a clasificación recollida en Caballo e Gradaílle (2008: 50) poden debuxarse as liñas funcionais da Educación Social para cos centros educativos e a comunidade tal e como veñen expostos na seguinte figura de elaboración propia:



En primeiro lugar, e respecto as **relacións entre o centro e a comunidade** teñen unha función claramente comunicadora no que os educadores e educadoras sociais median entre o centro e a comunidade. Créanse así espazos de diálogo entre todos os axentes do contexto e “redes permanentes de comunicación e de traballo conxunto”. Débese entender que por axentes inclúense as diferentes entidades e organizacións presentes na comunidade (asociacións, ONGs, asociacións de veciñanza,...), sanitarias, políticas, culturais, sociais,...

Tendo en conta o crecente **absentismo e fracaso escolar** e provocado este por moitas variables que non é o caso avaliar nin determinar, é positiva a incorporación e a existencia de profesionais deste campo participando e controlando esta problemática dende un traballo mediador de cara a aportar solucións.

Por outra banda, en relación a **educación transversal**, e aínda que esta deba traballarse tal e como o seu propio nome indica, si é certo que pode traballarse en materia de prevención contidos clave e relacionados coa educación para a paz, a educación medioambiental, a mediación escolar, educación para a saúde, igualdade de oportunidades, intercultural, etc.

Favorecendo notablemente a **convivencia e o clima grupal**, materia clave que de ser positiva, repercute directamente na comunidade e se retroalimenta. Debendo ser traballada a xestión das emocións, a promoción da inclusión e a non violencia, as habilidades sociais e estratexias de resolución de conflitos, para previr e/ou actuar ante situacións de acoso ou conflictividade –con persoas directamente relacionadas co centro (alumnado, profesorado, familias, etc.) e coas que non o son tan directamente-.

Outro camiño importante a traballar dende a Educación Social en conxunción cos centros escolares e a comunidade, e a **dinamización dos tempos libres e de ocio**. Estes tempos deben e poden ter un forte carácter educativo que sexan artelladores da construción dunha comunidade activa, participativa, creativa e autónoma que desenvolve accións diversas implicando así os centros escolares e a propia comunidade.

E por último e fundamental, é o **traballo coas familias**, facéndoas partícipes dos procesos educativos e sentíndose implicadas neles. Promovendo así a súa agrupación e autoxestión, e impulsando procesos asociativos e formativos contribuíndo a manter e consolidar espazos de encontro entre os centros escolares, a comunidade e as familias.

Esta clasificación, non pretende ser rixida e definitiva, senón unha aproximación ós campos de actuación que dentro destes contextos, escola-comunidade, ten a Educación Social actuando ante diferentes situacións –problemáticas ou non-; con persoas e colectivos concretos debido as súas características, ou con toda a cidadanía en xeral; todo a través de distintas metodoloxías tanto de acción-intervención coma en materia de prevención. Desenvolto asemade, en equipas multidisciplinares nas que o traballo conxunto e cooperativo, o traballo en rede, é o xeito de implicar a todas as persoas que dunha ou outra maneira son partícipes e levar a cabo unha práctica profesional de calidade.

4. METODOLOXÍA DO ESTUDO

O presente documento caracterízase por ser –a nivel metodolóxico- un estudo de casos de carácter mixto, é dicir, no que se integran tanto técnicas cuantitativas coma cualitativas para acadar unha mellor comprensión dunha realidade concreta e singular.

Segundo Simons (2011:41) pode entenderse o estudo de casos como unha investigación “exhaustiva e dende múltiples perspectivas da complexidade e unicidade dun determinado proxecto (...) baseándose nunha investigación que integra diferentes métodos e se guía polas probas a desenvolver”. En definitiva, é o estudo da particularidade dun caso singular para chegar a comprender a realidade no seu contexto particular (Stake, 1999).

Tendo en conta o tipo de técnicas de recollida e análise de datos que se empregan, pode concretarse que este estudo é, como xa se sinalou, un deseño de investigación de métodos mixtos no cal, e tal e como indica Creswell (2003): “procédese a recompilación, análise, e “mestura” de datos cuantitativos e cualitativos nun so estudo para entender un problema de investigación”. Deste xeito, refórzase a información recollida a través de diferentes fontes e esta é analizada en función da súa natureza.

Este proceso de investigación, vese marcado por un uso de técnicas fundamentalmente cualitativas, ante a necesidade percibida de poñer en valor a información recollida a través das persoas implicadas (indirectamente ou directamente) na experiencia; que permiten tamén, alcanzar os obxectivos deste estudo cara a concreción dos resultados, as propostas de mellora e as conclusións pertinentes.

Estase a falar, como caso obxecto de estudo, do I.E.S. Antonio Fraguas do barrio de As Fontiñas (Santiago de Compostela) e as relacións que se establecen a nivel de traballo en rede na súa comunidade. É polo tanto, un estudo que pretende descubrir as conexións entre a Educación Social e as accións desenvoltas neste contexto dado. É por iso que a mostra non queda concretada rixidamente, senón que en función das técnicas de recollida de datos, esta varía para acadar toda a información necesaria e dar resposta aos obxectivos.

4.1. Técnicas de recollida de datos

Preséntase a continuación a exposición das técnicas empregadas para a recollida de información da investigación. Estes datos, proceden tanto de fontes primarias, na que os datos son producidos pola propia autora deste estudo para responder os seus obxectivos; coma secundarios, xa que se accede a datos xa existentes en fontes primarias para reforzar a investigación.

a) Análise demográfica

Para dar resposta ao primeiro dos obxectivos específicos formulados, empréganse fundamentalmente datos secundarios (extraídos de diversas fontes primarias) que

permiten un achegamento á realidade do contexto obxecto de estudo: o barrio de Fontiñas. Deste xeito, desde unha perspectiva cuantitativa, pódense identificar as características principais que, en materia demográfica, presenta este territorio, empregando para tal fin fontes do Instituto Nacional de Estatística e información do Concello de Santiago de Compostela. Así, poderase indagar no aspecto máis obxectivo da comunidade: tipoloxía de barrio e poboación, número aproximado de habitantes, pirámide poboacional, diversidade existente (en relación a xénero, idade, cultura,...) para analizar a efectividade das accións que se levan a cabo no I.E.S e no barrio.

b) Análise documental

Tórnase necesario levar a cabo unha selección, revisión, lectura e análise da documentación relevante para poder dar resposta, entre outros –pero con especial fincapé- o segundo dos obxectivos específicos. Así, cos documentos que se detallan a continuación, pódese profundizar sobre as principais experiencias levadas a cabo neste contexto e estudar con maior fincapé dúas delas.

- Diagnóstico Comunitario do Barrio de Fontiñas (2012) elaborado polas traballadoras sociais da Unidade de Traballo Social (UTS) de Fontiñas e a educadora social do programa municipal socioeducativo dos Servicios Sociais Comunitarios (SS.SS) do Concello de Santiago de Compostela. Levado a cabo coa axuda das distintas persoas e colectividades que conforman a rede do barrio.
- Memoria e proxecto do Mercadiño Solidario para rapaces e rapazas Trócame-Roque (2014)
- Memoria do II Encontro Intercentros de Mediación Escolar (2014)

c) Observación

Resulta necesario desenvolver diferentes estratexias de observación, que permitan percibir actitudes e comportamentos da mostra obxecto de estudo no seu hábitat natural. Empregamos así, observación participante e non participante, para facilitar o achegamento aos colectivos e axentes implicados e participar nas metodoloxías que se desenvolven a nivel de traballo en rede neste barrio.

As observacións desenvólvense en diferentes franxas horarias para poder participar na maioría das actividades, xuntanzas e quefaceres do I.E.S e o barrio e contactar dun xeito tanto formal coma informal a través de pequenas intervencións e conversacións cos suxeitos que son de interese para o estudo.

Cabe destacar, que o II Practicum de Educación Social desenvolveuse coma Educadora Social dentro do Departamento de Orientación do I.E.S. e colaborando e participando nas xuntanzas de rede do barrio acontecidas. Isto permitiu que se levara a cabo observación participante ante moitas situacións e houbera xa unha toma de contacto e familiarización forte coas persoas implicadas, para logo ter a posibilidade de implementar outras técnicas de recollida de datos e máis períodos de observación.

Deste xeito, recóllense datos en canto a fenómenos e/ou feitos salientables que axudan a completar a información recollida cuantitativamente. O sistema de rexistro empregado nestas observacións, é un diario no que se recollen notas de campo con inferencias salientables diariamente durante máis de dous meses.

d) Entrevistas

Desenvólvense entrevistas semiestrutadas a informantes clave pola súa relevancia a nivel político, técnico ou relacional co barrio para unha exhaustiva recollida de información. Ás persoas entrevistadas foron:

- Xefa do Departamento de Orientación no I.E.S Antonio Fraguas e membro da rede de barrio dende o seu inicio.
- Traballadora Social da UTS de Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela) e membro da rede de barrio dende os seus inicios.

Leváronse a cabo tamén entrevistas semiestrutadas a representantes das entidades máis implicadas actualmente do barrio polos proxectos existentes, aínda que estaba organizado para desenvolve-la en grupo non puido ser así por cuestións loxísticas e de organización de tempos, polo que se realizaron individualmente nas propias sedes das organizacións:

- Membros de Asemblea de Cooperación pola Paz e responsables do proxecto de atención á diversidade “Barrios Abertos”. Representante de Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) na rede do barrio.
- Educadoras Sociais no programa de atención a familias monoparentais Abeiro e representantes de Abeiro na rede do barrio.

Por último, cabe destacar que tras solicitar o permiso ás familias e o centro escolar, desenvolveuse unha entrevista conxunta a alumnado do I.E.S que participa na Equipa de Medicación Escolar entre iguais e en dinámicas relacionais do barrio e o instituto.

Estaba tamén previsto desenvolver tres entrevistas máis que non se puideron levar a cabo por cuestións alleas a autora (imposibilidade de localizar á persoa, sobrecarga de traballo das mesmas e imposibilidade de atender a entrevista, vacacións do persoal, etc.).

Estas, ían ser a:

- Educadora Social do Programa municipal socioeducativo pertencente aos SS.SS. Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela
- Técnico de xuventude de Cruz Vermella e representante de Cruz Vermella na rede do barrio.
- Representantes das Asociación de Nais e Pais

Respecto á estrutura das entrevistas, seguen un formato no que hai unha primeira parte común, facilitando así, unha comparación dos resultados que posibilite a súa categorización e sistematización; e unha segunda parte diferenciada, solicitando información específica dos informante clave.

No primeiro dos bloques –parte común- realízanse preguntas en torno á concepción que do traballo en rede e do desenvolvemento comunitario se ten, a pertinencia da existencia dun programa de educación de rúa levado a cabo por educadores e educadoras sociais e mesmo a opinión acerca das accións máis salientables que se desenvolven a nivel comunitario no barrio.

No segundo dos bloques –parte diferenciada- profundízase en diferentes cuestións en función do perfil da persoa entrevistada. Desenvólvese así preguntas enfocadas a analizar a percepción que se ten da figura da educación social nos diferentes eidos de acción, as funcións que desta profesión se consideran importantes traballando coa escola e a comunidade, se é adecuada a incorporación desta figura profesional neste eido, concreción das actividades máis importantes que se levan a cabo, etc.

Respecto o alumnado, deséñase un modelo de entrevista diferente aos anteriores para que estea adaptado a súa idade.

Os encontros para o desenvolvemento da técnica, solicitáronse primeiro –e así actuou tamén como primeira toma de contacto- por teléfono e correo electrónico para informar da iniciativa investigadora que a autora estaba a desenvolver. Deste xeito, concretáronse as datas e lugares onde se levarían a cabo as entrevistas.

A duración das mesmas, coa previa presentación do estudo e a contextualización da experiencia, non superou os corenta minutos cada unha. O guión inicial foi susceptible de modificación, anulación ou aceptación de novas cuestións a comentar se a sesión así o

requiría. Estamos, polo tanto, e como xa se indicou, ante entrevistas formais pero semiestruturadas en canto a súa forma e contido.

Solicitouse o permiso para gravar a entrevista para a posterior análise da mesma e a codificación dos resultados, procurando así, recoller toda a información relevante.

4.2. Técnicas de análise de datos

Ó longo do desenvolvemento do estudo, acádase un volume importante de información co cal débese traballar para a consecución dos obxectivos e achegarse aos resultados da investigación. É por iso, que establécense unhas pautas de actuación para o bo uso desta información.

Primeiramente, precisase reducir os datos obtidos, é dicir, “a simplificación, o resumen, e a selección da información para facela abarcable e manexable” (Rodríguez, Gil e García, 1999:204) para logo poder dispoñer dos datos relevantes para o seu análise.

Atendendo á proposta destes autores, levouse a cabo a revisión, selección e análise dos documentos clave escollidos para extraer a información relevante que responde os obxectivos marcados do estudo.

Respecto á información demográfica seleccionada procedeuse a súa transformación elaborando diferentes gráficas a partir dos datos aportados polas fontes primarias que facilitaron a súa interpretación.

Por outra banda coas observacións e as entrevistas, procédese á segmentación e categorización da información. No primeiro dos casos, a través das notas de campo recollidas no diario, pasando a crear así un conxunto de inferencias importantes que merecen da atención precisa por seres relevantes na investigación.

No segundo, a través das transcripcións levadas a cabo e codificando os datos relevantes, establécense previamente unhas categorías dedutivas que dean resposta aos obxectivos para analizar, cruzar e comparar as respostas dos informantes respecto os bloques comúns de preguntas.

5. RESULTADOS DO ESTUDO: O barrio de Fontiñas e o IES Antonio Fraguas.

Un exemplo de boas prácticas en canto as relacións escola-comunidade


Tendo en conta as pegadas introdutorias xa expostas a nivel teórico, preséntase a continuación os resultados principais extraídos tras a análise dos datos recollidos o longo de varios meses e pretendendo dar así resposta aos obxectivos marcados.

5.1. Un espazo, unha comunidade

O barrio de Fontiñas presenta unha poboación aproximada de 10.000 habitantes con acceso a todo tipo de recursos: sanitarios, socioeducativos, culturais, económicos, naturais, etc. o que conleva identificar a este contexto como unha cidade en pequeno que ten a súa dispoñibilidade unha multiplicidade de axentes, servizos e recursos descentralizados para o seu uso e disfrute e para a atención das súas necesidades.

Tomando como referencia o *Diagnóstico Comunitario do barrio de Fontiñas* (2012) e os datos do Padrón Municipal, pódese delimitar que a distribución por sexo está bastante igualada sendo, aínda así, maior o número de mulleres que de homes tal e como se representa na gráfica 1. A diferenza non é importante aínda que cabe tela en conta de cara as accións que se desenvolven para os diferentes colectivos, ou mesmo en accións comúns para ambos sexos.


Gráfica 1: Distribución da poboación en relación ao sexo



Táboa de elaboración propia

Compre tamén proxectar visualmente os diferentes rangos de idade existentes para así achegarse a un maior coñecemento sobre a poboación que vive nesta zona de Compostela. Pode observarse pois na seguinte táboa, as porcentaxes en relación á infancia e adolescencia (considerándoa ata a maioría de idade establecida en España e outros países, os dezoito anos); a xuventude, aínda que esta na sociedade actual vese estendida polos cambios sociodemográficos, culturais e económicos que estanse a producir, é a considerada entre os dezanove e aos trinta anos; a etapa adulta (tendo en conta aquí a todas as persoas entre os trinta e un e os sesenta e cinco anos); e por último a vellez, sendo esta a etapa que comprende a partires dos sesenta e seis anos.

Gráfica 2: Distribución da poboación en relación á idade



Táboa de elaboración propia

Así, pódese observar unha alta porcentaxe correspondente á infancia e a adolescencia (17,50%) e a xuventude (14,30%) o que garante, en gran medida, o relevo xeracional que pode e dáse no barrio co paso do tempo.

Nembargante, debe terse especial consideración a cantidade de persoas maiores de sesenta e cinco anos que viven e conviven no barrio, sobrepasando o 10% do total. Isto, supón un reto a nivel socioeducativo para establecer liñas de acción que engloben de xeito integral tanto a xuventude –que representa o futuro de Fontiñas- e á Terceira Idade, que é a historia viva dun barrio que pode definirse como familiar.

Sen esquecer que a porcentaxe máis elevada, como é esperable, é a que se corresponde coa etapa comprendida entre os trinta e un e os sesenta e cinco anos, ocupando o primeiro posto nesta táboa cun 57,20% sobre o total.

Por outra banda, é preciso mencionar que Fontiñas é un barrio que ven marcado pola diversidade. Existe unha importante cantidade de persoas que habitan en vivendas de promoción pública (ou vivendas sociais) debido ás necesidades que presentan. Construíronse, no seu momento, ata seiscentas vivendas de tales características que hoxe en día seguen a estar ocupadas por unha multiplicidade de familias.

Diversidade tamén, en relación á súa orixe xeográfica, pois o número de persoas estranxeiras no 2012 chegou ás 324. Correspondéndose por sexo como mostra a seguinte táboa de elaboración propia:

	HOMES	MULLERES	TOTAL
Nº	155	169	324
%	47,80%	52,20%	100%

Táboa de elaboración propia

Aínda que segue a ser maior o número de mulleres estranxeiras, non é unha desviación moi desigual entre ambos datos. Sen embargo, si debe terse en conta o total de persoas de orixe distinto o español enmarcado na totalidade das persoas do barrio. Asemade, este barrio caracterízase historicamente pola alta poboación de etnia xitana que convívía coa comunidade. Convértese así nun reto, transformar esta diversidade en potencialidade e non nun factor de risco.

Para coñecer as principais experiencias que se estaban a desenvolver neste contexto, e tal e como xa se expuxo no apartado de “metodoloxía do estudo” tomáronse como referencia tres documentos clave para a investigación proporcionados pola Xefa do Departamento de Orientación e orientadora do I.E.S Antonio Fraguas. Estes documentos, poden tamén ser consultados a través da páxina web *compostelaintegra.org* xa que son de dominio público.

O primeiro dos documentos, o *Diagnóstico Comunitario do barrio de Fontiñas de 2012*, publícase para dar a coñecer a realidade educativa, social, cultural, política, económica, sanitaria, etc. de Fontiñas e establecer as necesidades actuais existentes que se debe priorizar e enmarcar nas futuras liñas de acción dos servizos públicos e privados, así como das entidades e axentes da comunidade.

Desenvólvese así unha “radiografía” de cada un dos rangos de idade (infancia e adolescencia, xuventude, adultos e persoas maiores) e tamén dos colectivos en situación de dependencia, as minorías étnicas, as familias e/ou persoas en situación de risco social e a comunidade en xeral.

Non se expón neste Traballo de Fin de Grao as conclusións de cada apartado, xa que non é necesario para os obxectivos do estudo, aínda que si se debe ter en conta para a valoración dos programas e proxectos que se levan a cabo dada a súa coherencia de resposta ou non ás necesidades detectadas.

Tendo en conta ás familias ou persoas en situación de risco social considérase que presentan as seguintes características recollidas no documento analizado:

- Falta de habilidades sociais
- Precariedade socioeconómica

- Rede de apoio sociofamiliar débil ou inadecuada
- Problemas de saúde
- Déficits formativos e culturais, que dificultan ou limitan a inserción sociolaboral
- Condicións de vivenda inadecuadas

A infancia e a adolescencia, caracterízase por unha maior presenza de alumnado inmigrante con fortes dificultades de integración, aínda que con importantes potencialidades a explotar.

Respecto á comunidade xitana, aínda que seguen existindo casos de absentismo crónico (principalmente das nenas) e problemas académicos, existe un cambio respecto o anterior *Diagnóstico Comunitario de Fontiñas* que percibe unha mellor integración e maior escolarización regularizada por parte dos menores, debe recordarse que tal e como se expuxo na situación sociodemográfica deste estudo a comunidade xitana é un elemento clave deste barrio presente dende hai moitos anos.

Nembargantes, tórnase necesario destacar que en relación á infancia, á adolescencia e á xuventude -a nivel xeral-, o máis salientable é a importancia de procurar espazos, accións e actitudes saudables do uso dos tempos de lecer. Non tanto pola oferta, senón pola necesidade de establecer un nexo de unión entre as propostas ou mesmo unha estrutura e organización coordinada, coherente e de calidade que determine os obxectivos e as metas que se queren acadar.

Outro asunto moi destacado no documento e que tamén suliña a orientadora do centro escolar na súa entrevista, fai referencia a reformulación do sistema de expulsión dos centros de primaria e o instituto de secundaria do barrio. Considérase, que estas propostas –as expulsión á casa do alumnado cun determinado perfil disruptivo– quedaron desactualizadas e que o fin formativo das mesmas, non son tan eficaces como medidas alternativas ás expulsións, aulas de convivencia, etc.

Este diagnóstico fai fincapé en dous aspectos fundamentais que deben quedar recollidos na presente investigación pola súa relevancia:

- Necesidade de mellorar e fomentar o sentimento de pertenza das persoas do barrio. Debido a que a poboación adulta non fai vida no barrio e o usa como “cidade dormitorio” mentres que a poboación maior e a máis moza si o fan. Polo que se aposta por desenvolver iniciativas dende estes colectivos que sexan atraentes tamén para o resto da cidadanía.

- Necesidade de retomar o programa de educación de rúa, levado a cabo durante varios anos e subvencionado como parte do Programa municipal socioeducativo pertencente os SS.SS. Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela do barrio de Fontiñas. Este, fora implementado por educadoras sociais e tórnase necesario unha nova edición con vistas a asentir as bases do Desenvolvemento Comunitario da zona para a interiorización de accións socioeducativas que acaben sendo levadas a cabo e sentidas pola propia comunidade.

Respecto a este último ítem, tamén o afirman así nas entrevistas levadas a cabo a traballadora social e a orientadora do centro, as cales apostan por sacar adiante un programa de educación de rúa que perdure no tempo, no que as persoas responsables poidan ser educadores/as sociais (e incluso xunto a outros profesionais) formando unha equipa forte e coordinada entre si e co barrio para que se familiaricen coa xente da comunidade.

Asemade, a segunda das informadoras insiste na necesidade de que o persoal contratado para estas funcións non debe ser cambiado cada ano, posto que se perden os lazos establecidos coa xente e a primeira das informantes argumenta tamén a necesidade de que sexa un programa que dure máis dun ano ou dos para que poidan interiorizarse os procesos socioeducativos que se traballan e sexa efectivo a labor que se desenvolve.

Nembargantes, as educadoras sociais de Abeiro, apostarían por inverter eses recursos nas organizacións xa existentes no barrio e que sexa dende aí dende onde se lancen diferentes iniciativas e non levando a cabo un novo programa de educación de rúa cada varios anos con novo persoal e sendo este externo á comunidade.

Por último cabe mencionar tal e como se fai referencia no DAFO presente neste Diagnóstico Comunitario analizado, que o barrio presenta grandes oportunidades e fortalezas a ter en conta para superar as ameazas e debilidades. Resumidamente, pódense destacar o seguinte:

O barrio de Fontiñas ten unha boa situación xeográfica e con boa comunicación con outros barrios, preto de recursos tales como a Xunta de Galicia, o Multiusos do Sar, a Cidade da cultura, etc. Asemade, conta con varios servizos públicos e privados descentralizados no barrio de atención socioeducativa, sanitaria,... que desenvolven un forte traballo en rede.

Respecto á súa poboación, esta é eminentemente moza cunha idade media de 40 anos composta por cada vez máis persoas estranxeiras o que provoca unha gran pluralidade cultural e étnica.

De feito, a través das entrevistas puidemos concretar que a traballadora social definiría a Fontiñas e o seu instituto coas palabras “diversidade e convivencia”, as educadoras sociais de Abeiro como un barrio “vivo e dinámico”, a orientadora do instituto como “comunidade activa e crítica” e “diversidade”, o persoal de ACPP como “inclusivo e diverso” e o alumando, como un barrio e un instituto no que “cabem todos/as e séntense escoitados/as”.

5.2. Fontiñas e o I.E.S. Antonio Fraguas en acción: as súas principais experiencias

As funcións principais que dende o departamento de orientación do I.E.S se desenvolven, poden concretarse nunhas máis de asesoramento (ofrecendo información a profesorado, alumando, familiares, etc.) de cara a accións titoriais, de orientación formativa e profesional, ... e outra máis dinamizadora que é a que nos compete neste estudo.

As funcións que de dinamización se teñen, implican a participación en programas e proxectos doutras entidades ás que se lles abren as portas do instituto, a co-coordinación e mesmo a elaboración de programas e proxectos propios que parten do instituto e poden abrirse á comunidade. Actualmente, as principais accións que se fan nesta liña de traballo son a participación do instituto na rede do barrio, e o traballo que se realiza en materia de mediación escolar e convivencia.

Son estas as experiencias máis estudadas nesta investigación. Respecto a iniciativas levadas a cabo en colaboración coa rede do barrio fálase, por unha banda, do “Mercadiño Solidario Trócame-Roque” e por outra, a “Equipa de Mediación Escolar e o II Encontro intercentros de mediación escolar de Galicia”.

A primeira das iniciativas, levouse a cabo por segundo ano consecutivo no mes de Xuño do 2014 tras moitos meses de preparación. Esta iniciativa, caracterízase principalmente por ser un mercadiño infanto-xuvenil na que se ve implicada toda a comunidade.

Cada ano, o obxectivo é o de “incidir no benestar da veciñanza dende unha convivencia positiva, no fomento da igualdade social e da autonomía persoal para reforzar tamén o tecido social, que active procesos de solidariedade social” tal e como se expresa na Memoria do Proxecto MercadiñoTrócame-Roque (2013).

Este proxecto, vese enmarcado dentro da liña de actuación sete: Actuacións Comunitarias, que está recollida dentro das vinte e dous que resultaron da DAFO (previamente mencionada) do Diagnóstico Comunitario do Barrio (2012), aínda que – inevitablemente- e por ser unha acción con elementos transversais, pode ser relacionada con outras das liñas de accións como poden ser:

- Impulso de actividades para a xuventude (liña 14)
- Activación de procesos de solidariedade social (liña 18)
- Fomento do tecido asociativo a dinamización social (liña 20)

Este proxecto tiña e ten como fin último facer conscientes á mocidade das necesidades do seu propio barrio e facelos partícipes da mellora das mesmas. Como? Con este mercadillo, os nenos e nenas desenvolven unha xornada de encontro entre as persoas da comunidade no que ademais, véndese elementos feitos e organizados por eles mesmos coa axuda do “grupo comunitario do barrio” e todas as organizacións e axentes implicados.

Cada ano, o diñeiro recadado é destinado a fontes distintas, sendo no 2013 para financiar en parte da dotación de equipamento básico urxente para unha vivenda dunha familia en situación de risco social, mantendo durante todo o proceso, o anonimato familiar. E tamén, para a mellora dun espazo común como foi o parque do barrio e no cal se construíu un circuíto de xogo e á vez informativo que reflicte a estrutura urbanística do barrio de Fontiñas. Este ano, o diñeiro recadado iría destinado a axudas para material escolar para as familias do barrio.

Tras moitos meses de preparación esta iniciativa desenvólvese durante un día en Área Central para potenciar este centro comercial fronte Ás Cancelas (xa que este é motivo do peche de moitos dos comercios tradicionais e locais do barrio debido a incapacidade de facer fronte a oferta dende a súa inauguración) e tendo ademais diferentes actividades.

Son destacadas a continuación algunhas delas pola relevancia das mesmas para coa comunidade:

- Actuación musical por parte do coro do I.E.S. Antonio Fraguas
- Actuación por parte da comunidade xitana cunha peza tradicional da súa cultura
- Dinámicas de grupo
- Photocall para que os mozos, mozas, adultos e maiores se fotografíen xunto a mensaxes que promovan a integración.

- Obradoiros de manualidades, realizados cun enfoque interxeneracional, por Cruz Vermella
- Obradoiro de Breakdance, por parte dos integrantes da Asociación Vella Escola e os alumnos da Escola Municipal de Breakdance.
- Obradoiro de TV de Barrios Abertos para realizar diferentes gravacións a modo de prácticas: entrevistas cos participantes, etc,...

Así como a proxección de diferentes curtas e material audiovisual xa editado polo barrio de outras accións:

- “Kamelamos guinar” (2005).
- “Rúas de vida” (2009).
- “A educación hoxe, onte e antonte” (2011).
- “Fraguando a diversidade” (2012).
- “En rede: o educativo e o comunitario camiñan da man no barrio de Fontiñas”(2012).

Esta iniciativa, ven coordinada por parte da rede do barrio e levada a cabo pola infancia e a mocidade de Fontiñas, participando o I.E.S Antón Fraguas entre eles. A modo de resumo, pode contemplarse na seguinte gráfica os axentes ou persoas implicadas neste mercadiño solidario:



O alumnado entrevistado no estudo, destaca desta iniciativa o papel que eles mesmos xogan coma protagonistas dunha acción dirixida a toda a comunidade. Afirmar, que este tipo de accións facilita que se relacionen entre eles, que entendan as realidades que a súa comunidade vive e mesmo que desenvolvan capacidades que doutro xeito consideran que lles custaría aprender (como traballar en equipo, colaborar con persoas de diferentes idades, etc.).

Comentan tamén que así teñen unha oportunidade de “sentirse útiles” e ver que “con esforzo” son capaces de “sacar adiante acción nos que participan plenamente e que axudan a outras persoas”.

Por outra banda, os diferentes informantes clave coinciden en afirmar que voltarían a apostar por unha terceira edición do mercadiño para seguir traballando deste xeito cara obxectivos comúns e que destacan o esforzo que require sacar adiante unha iniciativa así, pero que os resultados –máis cualitativos que cuantitativos- pagan a pena.

Outra das iniciativas analizadas a través deste estudo foi a equipa de mediación escolar do I.E.S Antonio Fraguas e o II Encontro Intercentros de Mediación Escolar.

No I.E.S. incorporouse un servizo de mediación escolar entre iguais hai catro anos. Durante cada ano, alumnado de todos os curso (dende E.S.O. ata Bacharelato) interesado na iniciativa, poden formarse como mediadores e mediadoras escolares dentro deste proxecto que está en marcha.

A formación, lévaa a cabo unha empresa social “Atalaia Social” formada por educadoras sociais que se desprazan ata o centro para, trimestralmente, desempeñar tarefas formativas en materia de habilidades sociais, mediación, convivencia, igualdade,... ao profesorado e tamén aos integrantes do equipo de mediación.

Para que? Primeiramente, por e para o alumnado, como resposta ás posibles situacións de conflito leve ou moderado que son susceptibles de ser resoltas por eles mesmos cunha formación e acompañamento básico pero específico.

E de seguido, porque é un mecanismo que –dun ou outro xeito- engloba a todo o instituto e por ende os resultados acadados, na súa meirande parte positivos, afectan neste bo sentido á comunidade promovendo actitudes de tolerancia e de resolución de conflitos democráticos e pacíficos.

O seguimento deste programa é levado a cabo pola orientadora do centro reuníndose co alumnado unha vez por semana para establecer accións do interese da equipa en materia de educación para a convivencia. Asemade, en caso de petición ou derivación por parte de alumnado ou da dirección, debe comezarse o proceso de mediación entre iguais se o caso así o permite (quedando excluídos problemáticas de acoso ou bullying, acoso sexual, etc.)

Este ano desenvolveuse o II Encontro Intercentros de Mediación Escolar que reunía unha veintena de centros educativos de secundaria nos que están en marcha equipas de mediación escolar. Durante dous días levouse a cabo este encontro en Santiago de

Compostela entre os espazos da Cidade da Cultura, o I.E.S. anfitrión (o Antonio Fraguas) e o Seminario Menor.

Participaron setenta e cinco alumnos e alumnas das equipas de mediación e convivencia de vinte e tres centros educativos de toda Galicia e máis de sesenta profesores/as e un número aproximado de trinta familias.

Para desenvolver a programación do encontro, tíñase como referencia dúas metas principais:

- Implicar a toda a comunidade educativa para mellorar a convivencia dos centros,
- E propiciar espazos de diálogo e intercambio de experiencias

Por primeira vez, deseñouse un programa no que as familias tamén tiñan cabida. Houbo sesións e seminarios específicos para profesorado, familias e alumnado; e tamén espazos comúns para compartir e crear novos coñecementos.

A través dun *OpenSpace*, un dos poñentes promoveu a reflexión e o diálogo entre todas as persoas existentes, dando a posibilidade de traballar en pequeno e gran grupo a alumnado, profesorado, pais, nais,... creando novos espazos de comunicación.

Leváronse tamén a cabo sesións concretas para cada colectivo. Así, Pedro M^a Uruñuela Nájera estivo a fronte do seminario para familias que levaba por título “Claves para a resolución pacífica de conflitos no seo familiar”; ou José María Avilés que abordou o acoso no seu sentido máis amplo para apostar co profesorado polo deseño e publicación dun “plan escolar en contra do acoso”. Tamén abordáronse, coa axuda do poñente Vicenç Rulan Castañer, a visión dos “Círculos restaurativos” como ferramenta metodolóxica a empregar en accións contra o acoso.

Para o alumnado, o I.E.S Antonio Fraguas contou coa cooperación da rede do barrio o desenvolver (as entidades colaboradoras que conforman o grupo comunitario), obradoiros e seminarios específicos como foron:

- Dinámicas de grupos e xogos cooperativos por Cruz Vermella
- Obradoiro de prevención do acoso por Adolesán
- Obradoiro de cine, radio e valores por Agareso
- Sesión de teatrofórum dinamizado polo propio alumnado do I.E.S do Bacharelato de Artes Escénicas (que foi previamente formado dentro do proxecto “Barrios Abertos” por Asemblea de Cooperación pola Paz)

O alumnado entrevistado, e que ademais participa na equipa de mediación escolar dende hai varios anos, afirmaba que participar nesta experiencia de ser mediadoras escolares aportáronlles ferramentas importantes para a resolución de conflitos e a xestión das emocións. Insisten, en que este tipo de iniciativas, favorecen non só o clima de aula, senón que lles permitiu mellorar na casa ou cos amigos fora do que é o instituto. Destacaban elementos como “non tomar decisións en quente”, ver as situacións “dende diferentes perspectivas”, mellorar as súas “capacidade de empatía”, ser máis “neutrais e asertivas”, ser capaces de “coñecerse mellor a si mesmas” e fomentar a “escoita activa”, etc.

Pola súa banda, a orientadora do centro afirmaba que desenvolver estes programas melloraba a comunicación co alumnado e á comunidade, en tanto que desenvolves accións de convivencia que mellora as relacións tanto dentro coma fora da escola. Puntualizaba, a madurez coa que se observaba crecer os nenos e nenas que pasaban pola equipa de mediación e o moito que aprenden o ir adquirindo progresivas responsabilidades adaptadas a súa idade e características.

Respecto o II Encontro Intercentros, o alumnado destaca que a súa creación favorece que se “sintan apoiados” ante este tipo de iniciativas e poidan comentar con alumnado de outros centros accións que estanse a desenvolver por toda Galicia. Afirmar que motívalles “ver máis xente apostando por equipas de mediación escolar e convivencia” e así descubren que “non están sos levando a cabo este tipo de accións”.

A orientadora completaba que así tamén se podía ver “outras formas de traballar” e aprender de moitas outras persoas e que organizar un encontro de tales características preséntase como un “reto profesional e persoal cheo de responsabilidades, pero que se se leva a cabo con entusiasmo, alegría e seriedade pode dar moi bos resultados”. Destacaba tamén que isto so pode saír adiante se detrás hai “un grupo forte, cohesionado e comprometido que traballa ben organizado e motivado” como afirma que foi o caso estes anos. Por último, menciona na entrevista que este ano –e por primeira vez- este encontro abriu as súas portas a un colectivo que “debe estar cada día máis presente nestes procesos educativos e comunitarios: as familias” ás cales tiveron o seu propio espazo dentro da programación con formacións específicas e tamén momentos comúns para dialogar con profesorado e alumnado.

En definitiva, un encontro que culmina un ano de traballo nos centros escolares e que axuda a crear espazos de comunicación entre centros escolares, entidades e distintos colectivos que traballan en prol dunha convivencia positiva.

5.3. Educación Social: unha profesión mediadora e dinamizadora

Tendo en conta as experiencias acabadas de mencionar, a observación levada a cabo durante o Prácticum II, as funcións que durante as prácticas a autora do estudo tivo que desempeñar coma educadora social e as entrevistas realizadas aos informantes clave da comunidade, pode concluírse que aínda que non é indispensable, si é necesaria a figura desta profesión neste eido. Esta afirmación, pode parecer arriscada pero vén sostida pola investigación exposta neste documento.

A escola precisa renovarse e abrir as súas portas ao mundo, á súa comunidade e retroalimentarse de aprendizaxes significativos que se crean nas relacións entre os axentes e colectivos dun espazo concreto. Neste estudo de caso, esta transformación xa é existente –aínda que podería mellorar- a pesares da inexistencia da figura profesional da educación social xa que é a propia comunidade a que demanda e aposta por actuar e traballar en rede, un cambio promovido dende a base e non imposto –claves fundamentais para a interiorización de valores e actitudes activas que promovan a cooperación, o sentimento de pertenza, a solidariedade, etc.-.

Nembargantes, ben é certo que aínda que non exista esta figura dentro da escola, si hai educadoras sociais traballando no barrio a través das diferentes institucións. Como as educadoras do centro Abeiro, a educadora social dos servizos sociais comunitarios, etc e que aínda que dun xeito máis indirecto, si están presentes na escola e no barrio de Fontiñas.

¿Qué papel xogarí a Educación Social dentro da escola e en consonancia co resto da comunidade nun barrio como o de Fontiñas? Pois como ben apuntan Caballo e Gradaílle, os educadores e educadoras sociais actúan como “mediadores entre os recursos, institucións e axentes educativos que ten unha comunidade para poñelos, coordinadamente, ao servizo das persoas e do desenvolvemento dun programa ou proxecto territorial” (2008: 51).

Recordando o exposto respecto as posibles funcións no apartado de fundamentación teórica, e tras desenvolver o estudo, pode afirmarse que ben é certo que poderían xestionar un programa de educación de rúa que se levara a cabo na comunidade, participar –ao mesmo nivel- nas xuntanzas da rede co resto de técnicos e profesionais e con toda a comunidade en xeral, colaborar nas iniciativas doutras institucións ou colectivos e mesmo co-coordinar iniciativas,...

Mentres que nos centros educativos (e orientado sobre todo aos centros de secundaria por estar centrado nun este estudo), as súas funcións e tarefas poderían estar

enmarcadas dende o departamento de orientación xunto o resto de profesionais e ligados cos programadas de coeducación e igualdade, prevención das drogodependencias, xestión dos tempos (como os de ocio, os recreos,...), formación de profesorado e familias (en colaboración coas ANPAS, as escolas de nais e pais,...), mediación escolar e convivencia, interculturalidade, educación para a paz e a tolerancia, sistemas alternativos ás expulsións e ás medidas ante condutas disruptivas, etc.

En definitiva, unha profesión mediadora e dinamizadora non só dun instituto, senón dunha comunidade que traballe en rede para a consecución de obxectivos comúns e que está ben aceptada polo resto de profesionais do barrio, e así o fan notar nas entrevistas.

6. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

Esta investigación pretendía ser un estudo de casos que tiña por finalidade analizar as posibles relacións existentes entre a escola e a comunidade e a percepción que da figura da Educación Social se tiña en canto ás súas funcións.

Tendo en conta, os obxectivos xerais expostos con anterioridade, cabe destacar que o primeiro: *Indagar nas relacións existentes entre a Escola e a Comunidade e na participación dos axentes e colectividade do barrio de As Fontiñas en clave de Desenvolvemento Comunitario*, si chéganse a concretar todos os axentes que colaboran na rede do barrio, as principais experiencias levadas a cabo, a situación sociodemográfica de Fontiñas, etc. pero a investigación quedaría máis completa se puideran escoitarse máis voces coma a da educadora social do concello, a representantes de pais e nais, outros suxeitos clave da comunidade, etc. que por tempo non se puideron levar a cabo.

Respecto o segundo dos obxectivos xerais: *Explorar a pertinencia e a necesidade de incorporar a figura profesional do/a Educador/a Social en experiencias coma a investigada*, pódese afirmar -a partir sobre todo das entrevistas e dos períodos de observación- que a meirande parte dos profesionais do barrio e tamén gran parte do alumnado do I.E.S coñece e recoñece a figura da Educación Social e estarían receptivos a que máis profesionais deste eido formaran parte da vida de Fontiñas e do seu instituto.

En Fontiñas, o conxunto de profesionais esfórzase por facer participe a cidadanía das accións que se levan a cabo, e mesmo que saia das persoas as inxerencias e ideas para o desenvolvemento de iniciativas. Aínda así, a autora recomenda intentar crear máis e mellores canles de comunicación e “destecnificar” a rede do barrio facendo que sexa posible máis participación de diferentes colectivos ou persoas individualmente.

Sería aconsellable tamén, que as ANPAS, as asociacións de veciños, etc, tomarán parte máis intensamente de accións que se poden levar a cabo e que tiveran as ferramentas para poder facelo e comunicarse.

Nembargante, pode afirmarse que no barrio de Fontiñas a pesares das ameazas e debilidades que presentan, transforman estes elementos en fortalezas centrándose nas potencialidades dos seus habitantes, aproveitando e evitando a duplicidade de recursos, e apostando pola creación dunha comunidade cun forte sentido de pertenza, que sexa dinámica, activa, crítica e participativa de cara a desenvolver procesos socioeducativos integrais, integradores e de calidade.

Se tomamos como referencia a definición que sobre comunidade expoñen Caride, Pereira e Vargas (2007:135), pódese entender que esta é “un espazo de vida social onde se configuran de xeito constante múltiples e complexas relacións e interaccións sociais entre individuos e colectivos que viven e conviven con lazos de solidariedade e intercambio de significados do seu territorio (...) e das súas vivencias individuais e comúns”. Así entende á comunidade Fontiñas, e levan xa varios anos apostando por este modelo de traballo cooperativo asentando as bases para camiñar cara a súa utopía: a transformación social e o empoderamento e mellora da calidade de vida das persoas. Retos e desafíos nos que se madura colectivamente e se crece individualmente.

Esta investigación, pode ser de interese para querer afondar neste sentido e descubrir tamén, quizais, novos eidos de traballo desta profesión. Pero sobre todo, sirve para dar a coñecer experiencias, exemplos de boas prácticas, que se están a desenvolver en contextos próximos e que veñen promovidos tanto pola propia comunidade coma por profesionais comprometidos que levan a cabo un forte traballo en rede.

A Educación Social, debe e pode formar parte destes procesos nos que a comunidade é o contexto local por excelencia para poder levar a cabo acción nun espazo de proximidade e interrelacións entre individuos, institucións e asociacións, sendo “un escenario ineludible para a acción comunitaria” (Varela, 2010: 139).

Desenvolver este traballo, enfrontarse ás dificultades e superalas, serviulle a autora do estudo para interiorizar importantes aprendizaxes de cara a ser unha futura educadora social, descubrir novos campos de acción e traballar sobre os procesos da investigación socioeducativa concretándoos nun modesto estudo de casos. En definitiva, unha investigación na que pode redescubrirse parte dun posible futuro da Educación Social, e unha aprendizaxe sobre os retos e desafíos desta profesión.

REFERENCIAS DOCUMENTAIS

- Ander-Egg (2003). *Metodología y práctica del desarrollo de la comunidad*. Buenos Aires: Humanitas
- Caballo, B. e Gradaille, R. (2008). "La Educación Social como práctica mediadora en las relaciones escuela-comunidad local". En *Revista Interuniversitaria de Pedagogía Social*, nº15, pp. 45-55.
- Caballo, M.B.; Candia, F.X.; Caride, J.A. e Meira, P.A. (1997). *131 conceptos clave en Educación Social*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- Caride J.A. (2009). "Elogio de la Pedagogía Social: acerca de los nuevos y viejos desafíos de la educación social. Praise of Social Pedagogy: about the new and old challenges of social education". En *Revista de Educação Pública*, nº38 (set/dez), pp. 449-468.
- Caride, G. (2006): "Da escola e da educación social como espazos e tempos para o encontro entre o profesorado e os educadores sociais", en Castro, M., Malheiro, X. M., y Rodríguez, X. (coords.). *A escola, ¿punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais?* Santiago de Compostela: Nova Escola Galega–CESGA, pp. 27-34.
- Caride, J.A.; Pereira, O. y Vargas, G. (2007). *Educação e desenvolvimento comunitario local. Perspectivas pedagógicas e sociais da sustentabilidade*. Oporto: Profesiões.
- Castro, M. et al. (2007). *La escuela en la comunidad. La comunidad en la escuela*. Barcelona: Editorial Graó.
- Castro, R. et al. (2006): *A escola, ¿Punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais?* Nova Escola Galega–CESGA: Santiago de Compostela.
- Castro, R. et al. (2008): *Educación Social e Escola*. Nova Escola Galega - Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia: Santiago de Compostela.
- Creswell, J.W. (2005). *Educational Research Planning, Conducting and evaluating Quantitative and Qualitative*. Research Pearson.
- Delors, J. (coord.) (1996). *La educación encierra un tesoro*. Madrid. Santillana

- Galán, D. (2006). "Modalidades de participación do/a educador/a social na escola", en Castro, M., Malheiro, X. M., y Rodríguez, X. (coords.): *A escola, ¿punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais?* Santiago de Compostela: Nova Escola Galega–CESGA, pp. 48-52.
- Gómez, M. (2000). "Sectors i àmbits d'intervenció de l'educación social. Aproximació conceptual". En *Temps d'Educació*, nº 24, pp. 409-425.
- Iglesias, A. (2012). "Menores na educación social, alumnos no sistema educativo e voces (im)prescindibles na atención á diversidade". En *Revista Galega de Educación*, nº 23, pp. 82-85.
- Lago, S. (2012). "Da educación Social na aula ao traballo comunitario en rede". En *Revista Galega de Educación*, nº 52, pp. 56-60
- López, R. (2013). "Las Educadoras y los educadores sociales en centros escolares en el estado español". En *Revista de Educación Social*, nº16
- Parcerisa, A. (2008). "Educación Social en y con la institución escolar". En *Revista Interuniversitaria de Pedagogía Social*, nº15, pp. 15-27.
- Riera, J. (1998). *Concepto, formación y profesionalización de: el educador social, el trabajador social y el pedagogo social*. Valencia: Nau Llibres.
- Rodríguez Gómez et al. (1996). *Metodología de la investigación cualitativa*. Málaga: Ediciones Aljibe.
- Simons, H. (2011). *El estudio de caso: teoría y práctica*. Madrid: Morata.
- Stake, R. (1998). *Investigación con estudio de casos*. Madrid: Morata.
- Varela Crespo, L. (2010). "La Educación Social y los Servicios Sociales en los procesos de desarrollo comunitario: revitalización del trabajo en red". *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, nº17, pp. 137-148.

ANEXO I- Modelo de entrevistas

Modelo de entrevista á Xefa do Departamento de Orientación e orientadora do I.E.S. Antonio Fraguas

Datos persoais

1. Nome

2. Sexo

En relación o I.E.S Antonio Fraguas

1. Cal é o posto que desempeña no centro escolar e cales son as súas funcións?
 2. Se tivera que facer unha “radiografía” do perfil do alumnado, cal cre que sería o resultado?
 3. Cal considera que son as principais necesidades non cubertas do alumnado?
 4. Podería comentar o que para vostede é máis característico deste instituto?
 5. Dentro dos programas que se levan a cabo no I.E.S cal destacaría polo grao de implicación e satisfacción do alumnado, profesorado e familias?
 6. Podería explicar un pouco o porque da creación, o funcionamento e a finalidade de montar unha equipa de mediación escolar nun instituto?
 7. Considera que sería aconsellable o perfil da Educación Social en programas como estes?
 8. Podería destacar algunha anécdota ou aspecto relevante a comentar en relación as actividades que entre a escola e a comunidade se desenvolven?
-

En relación á comunidade

1. Que é a rede de Fontiñas e como vos organizades nela?
 2. Cales considera que son os beneficios de traballar dun xeito cooperativo entre un centro educativo e a súa comunidade?
 3. Fai tempo houbera un programa de educación de rúa. Podería contar brevemente en que consistía? O seu parecer, sería necesario retomalo?
 4. O Mercadiño Trócame-Roque leva xa a súa segunda edición, en que consiste e quen está implicado?
 5. Como definiría vostede o que é o Desenvolvemento Comunitario e porque considera que é importante para o centro educativo e o barrio?
-

Modelo de entrevista conxunta ao alumnado pertencente a equipa de Mediación escolar e participantes do Trócame-Roque do I.E.S. Antonio Fraguas

Datos persoais

1. Nome

2. Sexo

3. Curso

En relación á Mediación Escolar

1. Canto tempo levades sendo mediadores/as?

2. Que considerades que é o máis importante que tedes aprendido neste tempo?

3. Mantendo o anonimato das persoas, leváchedes a cabo algunha mediación? Como foi o proceso?

4. Considerades que esta iniciativa de mediación escolar entre iguais é efectiva? Porque?

5. Partipástedes no II Encontro de Mediación Escolar Intercentros, que poderíades destacar sobre as xornadas?

En relación o Mercadiño Trócame-Roque

1. Porque quixestes participar no II Mercadiño-Trócame Roque?

2. Que tipo de materiais tiñades á disposición da comunidade para a súa compra?

3. No Mercadiño, polo que teño entendido, non so estaban os postos, que destacariades do resto das xornadas? Algunha actividade en concreto?

4. Considerades que esta iniciativa do mercadiño para rapazada é de interese para o I.E.S. e o barrio? Porque?

5. Este Mercadiño, ten un fin solidario, sabedes cal foi o obxectivo o ano pasado e cal este?

Modelo de entrevista á Traballadora Social da UTS de Fontiñas

Datos persoais

1. Nome

2. Sexo

En relación as súas funcións coma Traballadora Social

1. Cal é o posto de traballo e cales son as súas funcións?

2. Vostede traballa dende o Centro Sociocultural, considera que é unha persoa de referencia para as persoas do barrio?

3. Considera que sería positivo incorporar a figura profesional das educadoras e educadores sociais en centros escolares? Axudaría isto o desempeño das súas funcións?

En relación á comunidade

1. Que é iso da rede e o traballo en rede que caracteriza a Fontiñas? Como comezou?

2. Cales son os beneficios de traballar dun xeito cooperativo entre un centro educativo e a súa comunidade? Como vos organizades?

3. Fai tempo houbera un programa de educación de rúa. Podería contar brevemente en que consistía? O seu parecer, sería necesario retomalo?

4. O Mercadiño Trócame-Roque leva xa a súa segunda edición, en que consiste e quen está implicado?

5. Como definiría vostede o que é o Desenvolvemento Comunitario e porque considera que é importante para o centro educativo e o barrio?

Modelo de entrevista conxunta a representantes de entidades implicadas activamente no barrio: Centro Abeiro, Cruz Vermella e Asemblea de Cooperación pola Paz

Datos persoais

1. Nomes

2. ONG/Entidade na que traballan

En relación as súas funcións co barrio

1. En que medida estades coma entidade que sodes, implicados no barrio de Fontiñas? É dicir, cales son as vosas tarefas para coa comunidade?

2. Algunha de vos é Educadora Social, considerades que é necesario este perfil profesional traballando en entidades desta tipoloxía e en relación co barrio?

3. Considerades que sería positivo incorporar a figura profesional das educadoras e educadores sociais en centros escolares? Que funcións considerades que terían?

En relación á comunidade

1. Que é iso da rede e o traballo en rede que caracteriza a Fontiñas? Como comezou?

2. Cales son os beneficios de traballar dun xeito cooperativo entre un centro educativo e a súa comunidade? Como vos organizades?

3. Fai tempo houbera un programa de educación de rúa. Podería contar brevemente en que consistía? O seu parecer, sería necesario retomalo?

4. O Mercadiño Trócame-Roque leva xa a súa segunda edición, en que consiste e quen está implicado?

5. Como definiría vostede o que é o Desenvolvemento Comunitario e porque considera que é importante para o centro educativo e o barrio?

ANEXO II- Solicitud de permiso para entrevistar a alumnado menor de idade

SOLICITUDE DE PERMISO PARA ENTREVISTAR A ALUMNADO DO I.E.S. ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

O presente documento é un formulario de consentimento para poder proceder a entrevistar a alumnado de 4º E.S.O do I.E.S Antonio Fraguas para o Traballo de investigación de Fin de Grao que ten por nome: “A relación Escola-Comunidade no I.E.S Antonio Fraguas (Santiago de Compostela): ¿Ámbito da Educación Social? Estudio do Caso”.

Manterase a confidencialidade do alumnado pretendendo recoller información acerca do Mercadiño Solidario Trócame-Roque e a Equipa de Mediación Escolar entre iguais na que participan no centro escolar.

Eu (pai/nai/titor/titora legal) _____ con DNI _____ autorizo a alumna de Educación Social da USC a entrevistar o meu fillo/a _____ con DNI _____.

Grazas pola súa colaboración.

*“Son cosas chiquitas.
No acaban con la pobreza
no nos sacan del subdesarrollo,
no socializan los medios de producción
y de cambio, no expropián las cuevas de Alí Babá.*

*Pero quizá desencadenen la alegría de hacer,
y la traduzcan en actos.*

*Y al fin y al cabo, actuar sobre la realidad
y cambiarla aunque sea un poquito,
Es la única manera de probar
que la realidad es transformable.”*

Eduardo Galeano